SERVIZOS SOCIAIS E AXUDAS

AXUDAS A PARTICULARES PARA PROXECTOS TÉRMICOS DE BIOMASA

O obxecto é apoiar proxectos promovidos polos particulares e as súas agrupacións e asociacións con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible.

Prazo límite 24 de abril de 2017.

+info aedl Concello.

BOLSAS E AXUDAS AO ESTUDO

- Bolsas para a participación nun programa intensivo de inmersión lingüística en inglés en España.
Prazo solicitudes: 20 de abril de 2017

- Axudas para o estudantado da UDC en situación de dificultades económicas no curso 2016/17.
Prazo solicitudes: 30 de maio de 2017

- Gaia: programa de formación (máster) e prácticas no estranxeiro para universitarios/as.
Prazo aberto todo o ano.

BENESTAR EN BALNEARIOS 2017

A Consellería de Política Social convoca un total de 600 prazas para as estadías e o tratamento termal dentro do programa de Benestar en balnearios 2017, para persoas maiores de 60 anos ou pensionistas maiores de 55.

Prazo solicitudes: ata o 17 de abril de 2017.
+info Departamento Servizos Sociais

AXUDA DA PRESTACIÓN POR FILLO MENOR A CARGO DE TRES ANOS

A consellería de Política social aprobou as axudas de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos destinado a persoas que teñan fillas ou fillos menores de tres anos o 1 de xaneiro de 2017, e que durante o ano 2015, nin elas nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración polo IRPF corresponde a este período, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.

Prazo solicitudes: 29 de maio de 2017.
+info. Departamento Servizos Sociais

ALUMNOS DO MESTRE MANUEL GARCÍA VISITAN SOGAMA NO MARCO DA CAMPAÑA DE RECICLAXE GALEGA

Alumnos do Colexio Mestre Manuel García, visitaron o complexo medioambiental de Sogama en Cerceda, para tomar conciencia da importancia que ten xestionar as basuras de forma sostible.

Esta visita se enmarca na campaña "Oportunidades Galicia. Separemos ben, reciclaremos mellor". O obxectivo da mesma es **promover a práctica das tres erres** por parte do cidadán (reducir, reutilizar e reciclar) e axudarlle a diferenciar os residuos a depositar en cada un dos contedores, promovendo e garantindo o seu posterior reciclado. Despois das explicaciones iniciais, os pequenos efectuaron un percorrido guiado polo complexo industrial de Sogama.

INFORMATIVO | Concello de Oia

Camiño Portugués da Costa

Boletín nº 2 Abril - Maio 2017

AXENDA

8 - 9 ABRIL
I Ruta da Camelia e do Tapeo de Oia
Domingo ás 12.30 actúa a Minibanda no Torreiro do Mosteiro
+info no Concello de Oia

8 - 9 ABRIL
Percorridos de Caza en Burgueira
Organiza Sociedad de cazadores "A Magdalena"
+info no tel. 665 990 659

10 ABRIL
Xuntanza voluntariado para limpeza da costa
17.00 no Porto de Mougás
Organiza: ANABAM e AA.VV. de Mougás

VENRES SANTO - 14 ABRIL
Andaina circular "A Pedreira"
Saída ás 10.00 do inicio da "Ruta Máxica"
+ info: costadoscastros@gmail.com ou tel. 677 783 296

20 - 21 - 22 ABRIL
Intercambio cultural Oiã
Visita dos alumnos á Freguesía de Oiã

23 ABRIL
I Torneo solidario de tenis escolar
Inscricións: teniscarlos@gmail.com ou Charly 663 166 726

22 - 23 ABRIL
Campionato provincial de tiro ó prato en Burgueira
Organiza Sociedad de cazadores "A Magdalena"
+info no tel. 665 990 659

29 ABRIL
Festa Doce nome de Xesús en Mavia

30 ABRIL
Crono-escalada cicloturista I Desafío Talaso Atlántico
+info: Ciclismo Oiense 666 609 410

5 MAIO
Subida da "Virxe Santa Calumbra", de Loureza a Santa Comba

6 - 7 MAIO
Campionato de Galicia de Montaña- X Subida a Oia

9 MAIO
Misa na honra de Santa Calumbra en Santa Comba

13 MAIO
Festa da Virxe de Fátima en Mavia

14 MAIO
Curro da Valga

20 MAIO
Festa do Corpus en Pedornes

27 MAIO
Festa do Corpus en Mougás

28 MAIO
Andaina Camiño Portugués da Costa Oia-Baiona
+info: Ciclismo Oiense 666 609 410

I RUTA DA CAMELIA E DO TAPEO EN OIA

AICAM (Asociación Ibérica da Camelia) e o Concello de Oia, organizan para os días 8 e 9 de abril a I Ruta da Camelia e do Tapeo.

Haberá centos de variedades de camelias expostas na Oficina de Turismo e nos locais da zona, onde ademais de desfrutar desta fermosa flor, tamén se poderá degustar as tapas.

O Sábado as 14 horas terá lugar a inauguración da exposición, e a oficina de turismo estará aberta de 16:30 a 20:00 h e o domingo de 10 á 14 h e de 16:30 á 20h.

O Concello organiza un curso de esmaltado gratuíto que será o domingo en horario de mañá. As persoas interesadas deberán presentar a inscrición no rexistro do Concello.

Prazas limitadas.

RECORDA

SEDE ELECTRÓNICA: Para adaptarnos a nova Lei, a partir do 1 de xaneiro, as entidades que teñan CIF, teñen que presentar a documentación a través da SEDE ELECTRONICA.

FESTAS POPULARES: As solicitudes para a celebración de festas e verbenas populares deben presentarse, xunto con toda a documentación necesaria, na Sede Electrónica da web do Concello, alomenos con DEZ DIAS de antelación.

NOVAS

EMISION DO PROGRAMA GRANDES LUGARES EN PEDORNES E MAVIA

O pasado mes de decembro, o programa Grandes Lugares da TVG, visitou o barrio de Mavia e a parroquia de Pedornes, onde puido recoller algunhas das entrañables historias e tradicións dos veciños e veciñas.

A emisión está prevista para o 2 e o 9 de abril, na noite do domingo para o luns, en horario de 00:25h, salvo cambios do canal de última hora.

Se alguén non o pode ver, o Concello pon a disposición copia do programa en servicio de préstamo a través da biblioteca.
+info 986 362 125

TALLER DE COCIÑA DE ENTROIDO PARA NEN@S

O taller de Cociña de entroido que fora suspendido, se celebrará o luns 10 de abril, en horario de 10 a 13 h. nas Escolas de Torroña.

RECOPILATORIO FOTOS ANTIGAS DA FESTA DOS REIS

Dende o Concello **queremos organizar unha Exposición de fotografías desta tradición**, que se ven celebrando dende fai máis de cen anos nalgunhas parroquias.

Para iso necesitamos que busquedes cada un nas vosas casas, entre as fotos antigas, aquelas que teñan que ver con esta entrañable festa.

O prazo para presentar as fotografías termina o 1 de xuño.

+info 986 362 125 ou no email cultura@concellodeoia.es

NOVA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN FIBROMIÑO

A nova directiva da Asociación de enfermos de Fibromialgia do Baixo Miño, se puxo en contacto co Concello, para transmitirlle ideas de cara a **colaborar en actividades que contribúan a unha maior difusión desta enfermidade** e a axudar aos que a padecen.

Formar parte desta asociación supón descontos en diversos comercios da comarca, como en ximnasios, en talasoterapia, etc. Para maior información, os mércores hai atención ao público no edificio Sinde Vello de A Guarda, en horario de 11 a 12 e de 20 a 21h.

tlf. 616 129 960 email: infominho@gmail.com

FIBROMIÑO
Asociación de Enfermos de Fibromialgia del Baixo Miño

SE BUSCAN VOLUNTARIOS DE CRUZ VERMELLA



Cruz Vermella ven organizando no Concello, nestes últimos anos, actividades de ximnasia de mantemento e taller de estimulación da memoria, entre outras, que teñen moi boa acollida polos veciños e veciñas e que son realizadas grazas a colaboración do voluntariado.

Para seguir mellorando e realizando actividades precisamos da túa colaboración: compromiso, implicación, tempo, gañas, cariño...

Se estás interesado en participar nalgún proxecto que axude a mellorar o benestar da nosa xente, podes contactar co Concello 986 362 125 ou con Cruz Vermella Baixo Miño tlf. 986 614 609.

INFORMATIVO | Concello de Oia

CONTRATACION TECNICO OFICINA DE TURISMO

O Concello de Oia seleccionou, por concurso de méritos, dous técnicos para atender a Oficina de Turismo durante a Semana Santa e os meses de verán.

O ano pasado só pola oficina de turismo **pasaron máis de 5.000 turistas** a solicitar información, moitos deles peregrinos do **Camiño Portugués da Costa**; resultando moi importante poder ofrecer información sobre os lugares que visitar, os servizos, os prezos, etc.

PROXIMAS CONTRATACIÓNS DO PLAN CONCELLOS PARA OS MESES DE XUÑO A DECEMBRO

O Concello de Oia prevé contratar nos vindeiros meses, a xornada completa, 2 peóns forestais (cno. 65431028) e 2 albaneis (cno. 71211015), durante sete meses, de xuño a decembro.

As bases do Plan Concellos que rexen esta contratación establecen que os beneficiarios serán persoas desempregadas inscritas na oficina de emprego de Baiona, que realizará a preselección das persoas beneficiarias.

O PLENO APROBA O INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

O Inventario de Bens Inmobles foi aprobado por acordo plenario de 14 de marzo e publicado no Boletín Oficial da Provincia o 4 de abril.

Dito expediente permanecerá exposto ao público no Salón de Plenos do Concello en horario de 9 a 14 h, durante un prazo de 30 días contados dende o día seguinte a data de publicación, para que os interesados poidan revisalo e facer alegacións ou aportar a documentación que estimen convinte.

STOP – PLUMEIRO DA PAMPA

Esta planta invasora se está extendendo perigosamente por moitas partes de Galicia, e no noso concello, resulta moi preocupante nas zonas colonizadas do litoral, e como segue expandíndose.

Para a súa contención e eliminación **precisamos a colaboración de tódolos veciños e veciñas**.

É importante eliminala totalmente nas parroquias de interior, onde aínda se pode erradicar, e intentar controlala na zona do litoral con intención de erradicala a longo prazo.

Sería convinte acometer as actuacións antes do momento máis crítico do ano do seu ciclo vital reprodutor (antes da polinización en agosto/setembro), lembrando que as sementes están nos plumeiros e que cada plumeiro produce máis de 100.000.

Hai que ter en conta que os fragmentos de tronco e raíces deixados na superficie do solo poden volver a enraizar baixo condicións de adecuada humidade, polo que é convinte deixar as raíces ao aire e que non toquen o chan (poñela sobre plásticos ou superficie de cemento).

+info Concello 986 362 125

LIMPEZA DE FINCAS

Dende o Concello queremos lembrar a obriga dos propietarios de terreos de realizar antes do verán os traballos de limpeza de maleza de fincas, sobre todo dos terros que se atopen dentro da **franxa de seguridade de 50 metros** arredor das casas, para evitar posibles incendios que se poidan ocasionar.

Se agradece de antemán a colaboración de tódolos veciñ@s.